

Tema 6. A GRAN GUERRA

1. O CAMIÑO CARA Á GUERRA

1.1. SISTEMAS DE ALIANZAS E PAZ ARMADA

- 1870: Derrota francesa na Guerra Franco-prusiana ⇒ Problema de Alsacia-Lorena.
- Política de alianzas de Bismarck contra Francia:
 - Triple Alianza: Alemaña, Austria-Hungría, Italia.
 - Tratado de Reaseguro con Rusia (1887).
- 1890: Cambio na política alemana ⇒ Agresividade na política internacional ⇒ Formación de bloques:
 - Afirmación da alianza de Alemaña con Austria-Hungría
 - Alianza franco-rusa (1892)
 - Entente franco-británica (1904)
 - Entente ruso-británica (1906)

} TRIPLE ENTENTE (1907)

1.2. TENSIONES NACIONALISTAS

a) Estados-Nación

- Identificación dos cidadáns co destino das súas patrias ⇒ escolarización, prensa de masas, militarismo e deporte.
- Francia → Ideoloxía conservadora que recorda a humillación sufrida por Francia (Alsacia e Lorena).
- Gran Bretaña → Difusión dos conflitos internacionais na prensa con chamadas ao orgullo nacional.
 - Sentimento patriótico reforzado polo problema de Irlanda.
- Alemaña → *Panxermanismo* que parte da hipótese da configuración imperfecta do Estado alemán, que necesita a unión dentro das mesmas fronteiras de todos os europeos de orixe xermánica.
 - Militarismo e alerta da opinión pública alemana.
- Italia → *Irredentismo*: movemento político que reivindica unha expansión territorial de Italia cara ás “terras non rescatadas” de Austria-Hungría (Trentino, Istria, Dalmacia).
- Rusia → *Paneslavismo* en círculos intelectuais e políticos, sen compromiso dun goberno débil.

b) Estados multi-étnicos

- Reivindicacións das minorías nacionais ⇒ Tensións internas que dificultan as políticas expansivas.
- Imperio Austrohúngaro → diferentes pobos, linguas, relixións: checos, eslovacos, alemáns, húngaros, polacos, etc.
- Imperio Otomano → turcos, árabes, armenios, kurdos.
- Imperio Ruso → fineses, estonios, letóns, lituanos, polacos, rusos, ucraínos...

1.3. RIVALIDADES INTERNACIONAIS: CLIMA PREBÉLICO

- 1º do S.XX: 2 bloques
 - **TRIPLE ALIANZA** (Alemaña, Austria-Hungría, Italia) 1882.
 - **TRIPLE ENTENTE** (Francia, Gran Bretaña, Rusia) 1907.
 - 1904: Entente Cordiale (Francia, Gran Bretaña).
 - Enfrontamentos:
 - 1905-06: Crise de Marrocos → Conferencia de Alxeciras ⇒ Independencia de Marrocos e prepotencia francesa na zona.
 - 1908: Austria-Hungría anexiona Bosnia-Herzegovina ⇒ Rusia non declara a guerra pola mediación de Gran Bretaña, Francia e Alemaña.
 - 1911: Crise de Marrocos ⇒ Concesións francesas ás aspiracións de Alemaña.
 - 1911: Anexión de Libia a Italia ⇒ Debilidade do Imperio Turco.
 - 1912: 1ª Guerra Balcánica → Rusia e Liga Balcánica (Serbia, Bulgaria, Montenegro, Grecia) contra Turquía.
 - ↳ Turquía desaparece dos Balcáns e do Exeo.
 - ↳ Aumento da influencia rusa na zona.
 - 1913: 2ª Guerra Balcánica → Bulgaria contra Serbia, Grecia e Turquía.
 - ↳ Fortalecemento de Serbia e Rusia fronte a Austria-Hungría.
 - Problemas en Europa:
 - Alsacia e Lorena → Reivindicadas por Francia mentres Alemaña realiza programas de xermanización.
 - División de Polonia
 - Galitzia: administración austríaca conciliadora.
 - Prusia polaca: colonización xermana.
 - ↕ → Rusia polaca: fomento da unión a Rusia.
- Nacionalismo polaco refuxiado en Galitzia (desconfianza rusa cara a Austria-Hungría).

1.4. OS BALCÁNS

- 1º XX → Intereses austríacos na zona.
 - Rivalidade Serbia/Austria-Hungría.
- Austria sen colonias e sen saída ao mar ⇒ Importancia da penetración económica nos Balcáns.

- Enemistade serbia → Corta o comercio de produtos austríacos cara o SL.
→ Corta o ferrocarril construído polos austríacos ata Salónica.
- Debilidade turca ⇒ **1908**: Austria-Hungría invade Bosnia-Herzegovina.
↳ Posible guerra pero: ✗ Francia non apoia a Rusia.
✗ Alemaña presiona para impedir o conflito.
- 1911: Italia reclama Libia → Ocupación.
↳ 1912: Illas do Exeo.
- **1912: 1ª GUERRA BALCÁNICA** ⇒ Liga Balcánica (Serbia, Bulgaria, Grecia) + Rusia contra Turquía → vencida.
- **1913: 2ª GUERRA BALCÁNICA** ⇒ Serbia e Grecia contra Bulgaria.
- Situación creada:
 - Engrandecemento de Serbia → Obstáculo para as comunicacións austríacas.
 - Italia e Austria (da Triple Alianza) disputan polo Adriático e Albania.
 - Rusia teme a victoria de Austria sobre Serbia e a súa conversión en primeira potencia balcánica.

1.5. A OPINIÓN PÚBLICA

- Iniciativas antibelicistas → Conferencias da Paz (A Haia: 1899, 1907).
↳ → Sociedades da Paz.
- Propostas:
 - Abandono dos gobernos do armamentismo e da política de prestixio.
 - Compromiso das grandes potencias para resolver os litixios internacionais no Tribunal Permanente de Arbitraje da Haia.
- Impotencia dos partidos e sindicatos socialistas → Contradicións internas:
 - Folga xeral e insurrección en caso de guerra.
 - O sindicalismo moderado declara inviables as accións anteriores.
- Escisión do internacionalismo proletario → unha minoría permanece contraria á guerra; a maioría cos seus gobernos
- Os gobernos buscan a identificación do pobo cos ideais patrióticos → Importante contribución da prensa.
↳ Creación dunha opinión pública unida, belicosa e disposta a grandes sacrificios.
- Intensificación do militarismo a expensas das liberdades e o poder executivo acumula a autoridade.

2. MAGNITUDES DO CONFLITO

2.1. INICIO

- **28-6-1914**: Asasinato do Arquiduque Francisco Fernando (herdeiro do trono imperial austrohúngaro) en Saraxevo.
↳ Serbios de Bosnia nacionalistas ⇒ Austria-H. culpa á sociedade *A Man Negra* dirixida por serbios.
- ↳ Pretexto de Austria-Hungría para eliminar a Serbia como factor de inestabilidade.
- Ultimato de Austria a Serbia con medidas que recortan as liberdades dos serbios co pretexto de erradicar o terrorismo.
↳ Probabilidade de guerra con Rusia ⇒ Austria necesita o apoio alemán.
- ↳ 28-7: Bombardeo de Belgrado ⇒ Declaración de guerra a Serbia
 - ↳ Alemaña declara a guerra a Rusia ⇒ Mobilización parcial en Rusia.
 - ↳ Advertencia de Francia e Gran Bretaña.
 - ↳ Intimidación de Alemaña a Bélxica para que permita o paso de exércitos.
 - ↳ Alemaña declara a guerra a Francia ⇒ Proxecto de invasión de Francia con ocupación de Bélxica.
↳ Declaración de guerra de Gran Bretaña

2.2. EXTENSIÓN XEOGRÁFICA E DURACIÓN TEMPORAL

- **ENTENTE**: Rusia, Francia, Gran Bretaña, Serbia, Bélxica.
1914: Xapón / 1915: Italia / 1916: Rumanía / 1917: EE.UU.
- **IMPERIOS CENTRAIS**: Alemaña, Austria-Hungría. 1914: Turquía / 1915: Bulgaria
- 1º enfrontamento simultáneo das potencias industriais.
- Entente → Máis poboación en zonas xeograficamente discontinuas.
 - Débil oficialidade e armamento en Rusia.
 - Francia soporta o peso das primeiras fases sen poder aumentar as súas divisións ⇒ Plan: ofensiva frontal.
 - Gran Bretaña carece de servizo militar obrigatorio.
- Imperios Centrais → Preparación meticulosa para a guerra: tropas disciplinadas, artillería pesada, armas automáticas.
 - Plan Schlieffen (1905): ataque rápido no O para despois atender o L aproveitando a lenta mobilización rusa.
↳ Aplicado por Moltke.
 - Inferioridade naval que rematou en bloqueo.
- Particularidades
 - Duración.
 - Extensión xeográfica → de continental a mundial.
 - Guerra económica.
 - Mobilización psicolóxica.

3. DESENVOLVEMENTO DA GUERRA (1914-1918)

3.1. A GUERRA DE MOVEMENTOS (1914)

- Plan Schlieffen ⇒ Obxectivo: ataque a Francia a través de Bélxica contando coa lentitude do exército ruso.
- MOLTKE empuxa a ingleses e a franceses ⇒ 2 Setembro: chegada alemana ás aforas de París.
- JOFFRE aproveita os puntos débiles do veloz avance alemán ⇒ Batalla do **MARNE**.
 - ↳ Substitución de MOLTKE por FALKENHAYN.
- Alemaña avanza cara o mar para cortar a comunicación entre ingleses e franceses → Batallas de Flandes.
- Rusia coloca o seu exército na fronte oriental sen afundimento do exército francés.
 - ↳ Derrota rusa en Tannenberg e os Lagos Masurios (Fronte Prusiana: Hindenburg, Ludendorff).
 - ↳ Contribución ao éxito do Marne porque obrigou a Moltke a retirar tropas da fronte principal.
- Dúvidas de Moltke ⇒ Diminúen as posibilidades operativas da máquina de guerra alemana.
- Agosto: **Xapón** declara a guerra a Alemaña ⇒ Ocupación das súas posicións en China e o Pacífico.
- Novembro: **Turquía** aliada de Alemaña ⇒ Bombardeos turcos de Odessa e Sebastopol.

3.2. A GUERRA DE POSICIÓNS (1915-1916)

- **1915**: Obxectivo : instalación dun campo defensivo continuo.
 - ↳ Maior operatividade das armas defensivas que das ofensivas.
- Incapacidade das novas armas para destrozar os sistemas de trincheiras ⇒ artillería ineficaz.
 - ↳ Cambio na forma de facer a guerra ⇒ GUERRA DE POSICIÓNS
- Trincheiras na fronte francesa → Necesidade de poucas tropas.
 - Reforzo co sobranse da fronte oriental (que mantén os anteriores sistemas de loita).
- Fronte oriental → Ofensiva alemana en Lituania, Galitzia, e o Vístula ⇒ Repregue ruso.
 - Os Imperios centrais non conseguen que Rusia asine a paz por separado.
- Maio: Entrada de **Italia** despois de valorar as vantaxes territoriais que lle ofrecen os aliados.
 - ↳ Apertura dunha nova fronte que contribúe á continuación da resistencia rusa.
- Outono: Entrada de **Bulgaria** cos Imperios Centrais.
- 1915 → Estabilización das fronteas.
 - Saldo favorable aos Imperios Centrais: Bélxica, NL de Francia, Polonia, Lituania, Serbia.
- **1916** : **Rumanía** coa Entente.
- Estratexia de desgaste ⇒ Intentos fracasados de romper as fronteas:
 - Verdún → Falkenhayn elixe un punto para unha guerra de desgaste e convertilo en zona de penetración.
 - Obxectivo alemán de dezmar ó exército francés: bombardeos continuos, asaltos.
 - Resistencia francesa (Pétain).
 - Somme → Ofensiva francesa dirixida por Foch que obriga aos alemáns a retirar tropas de Verdún.
 - Repregues parciais do inimigo.
 - Detención da ofensiva francesa despois de tres meses.
 - Luck → Presión rusa dirixida por Brusilov.
 - Reconquista de Bucovina e parte de Galitzia.
 - Estabilización da fronte sen resultados decisivos.

3.3. O ANO DECISIVO: 1917

- Ruptura do equilibrio a favor da Entente ⇒ Intervención de EE.UU.
- Presión de EE.UU. para o respecto á liberdade dos mares.
- 1917: Berlín declara que o transporte de mercancías polos neutrais será considerado acción bélica.
 - ↳ EE.UU. rompe relacións diplomáticas con Alemaña → Viraxe por razóns financeiras.
 - ↳ 2 abril: EE.UU. declara a guerra a Alemaña.
 - Inmediata aportación financeira, reservas demográficas e industriais.
 - Arrastre de América Latina (materias primas, flotas mercantes para transporte).
- Rusia: Revolución de Outubro ⇒ Triunfo dos pacifistas.
 - 1918: **PAZ DE BREST-LITOVSK** → Rusia reconece a independencia de Finlandia, Ucraína, Estonia, Letonia, Lituania e a Polonia rusa (caen baixo dominio alemán).
 - ↳ A fronte oriental non desaparece → Mantemento dun exército de vixilancia alemana.
- Esgotamento dos combatentes polas decepcións estratéxicas en ambos bandos.
- Crecente resistencia interior ⇒ Cansazo de moitos sectores sociais polos sacrificios dunha guerra que non entenden.

3.4. 1918: RETORNO ÁS GRANDES OFENSIVAS

- Alemaña concentra tropas na fronte occ. ⇒ Ludendorff abre unha brecha entre ingleses e franceses sen resultado.
- Mando único aliado: FOCH → 2ª Batalla do Marne: os alemáns avanzan cara a Reims e están a piques de ser envoltos.
 - ↳ Imposibilidade de entrar en Francia porque o cerco pola ala convertería o avance nunha catástrofe
 - ⇒ Alemaña perde calquera posibilidade de vitoria.
- Chegada ao campo de batalla das unidades norteamericanas.
- Foch → Ofensiva baseada na superioridade de material.
 - ↳ Ataques simultáneos repetidos que amosan a debilidade das liñas inimigas ⇒ Hindenburg e Ludendorff declaran imposible a resistencia.
- Petición búlgara de armisticio ⇒ Desmoronamento da fronte sur.
- 9-11-1918: Guillerme II fuxe e proclámase a República en Berlín.
- 11-11-1918: Alemaña asina o **ARMISTICIO**.

4. NOVAS FORMAS DE GUERRA

4.1. FRACASO DA ESTRATEXIA TRADICIONAL

- Dominio da tradición militar do XIX: uniformes, desfiles, armas.
- Novas armas con gran capacidade de destrución ⇒ Fin das grandes ofensivas.
- Avance lento das liñas de trincheiras.

4.2. INNOVACIÓNS NO COMBATE

- Rede de trincheiras na liña de fronte.
- Novidades en terra:
 - ⊕ Artillería: fusís de disparo continuo, ametralladoras, granadas.
 - ⊕ Gases asfixiantes e máscaras antigás.
 - ⊕ Tanques.
- Novidades en mar e aire
 - ⊕ Aviación de combate.
 - ⊕ Bloqueo naval inglés a Alemaña.
 - ⊕ Submarino.

4.3. A MOBILIZACIÓN DOS RECURSOS

- Falta de previsión para un conflito longo:
 - ✗ Organización a gran escala para a fabricación de munições e material de guerra.
 - ✗ Necesidades da poboación civil.
 - ▶ Control da vida económica polo Estado
 - Operacións militares.
 - Planificación da produción industrial.
 - Organización do abastecemento.
- Agosto 1914: Alemaña inicia o intervencionismo estatal ameazada polo bloqueo.
 - ↳ Plan Rathenau → control da vida económica (produción, comercio, transportes, man de obra).
- Rusia → Depende para máquinas e repostos do exterior.
 - 1915: Alemaña ocupa os xacementos polacos de hulla e ferro.
 - Insuficiente rede ferroviaria ⇒ problemas para a distribución de alimentos.
 - Incapacidade da administración tsarista para a mobilización de recursos.
- Prexuízo do bloqueo para os Imp. Centrais ⇒ Insistencia al. para asinar a paz con Rusia polas colleitas de Ucraína.
 - ↳ Intensificación da guerra submarina en resposta ao bloqueo.
- O intervencionismo estatal tivo diferentes manifestacións nos distintos países:
 - Gran Bretaña/Francia
 - Política social eficaz (control da alimentación, mantemento de subsidios, asistencia sanitaria).
 - Política económica: control de abastecementos e da inflación, supeditando os intereses empresariais de aumento de beneficios ao obxectivo de gañar a guerra.
 - Relativa ausencia de conflictividade social baseada no acordo entre sindicatos, patronal e Estado.
 - Alemaña → Protagonismo dos intereses dos industriais na política económica.
 - Falta dunha política económica coherente.
 - Falta dunha política social de protección ás clases populares.
 - Caos administrativo.
- Erosión da *Union Sacrée* establecida entre os pobos e os seus gobernantes por:
 - ✓ Prolongación e crudeza da guerra.
 - ✓ Deterioro das condicións de vida na retaguardia.
 - ✓ Reforzamento da autoridade do Estado.
- 1ª protestas → Sectores máis esquerdistas dos socialistas (a maioría segue co apoio ás políticas dos seus gobernos).
- 1917 → Empeoramento das condicións de vida.
 - 1ª motíns e desercións nos exércitos.
 - Eco da Revolución Rusa.
- Fracaso das chamadas á folga xeral internacional polas diverxencias entre as posturas dos socialistas.

5. A ORGANIZACIÓN DA PAZ E A SOCIEDADE DE NACIONS

- 8-1-1918: Proposta do presidente Wilson (EE.UU.) base para a organización da paz → OS **14 PUNTOS** centrados en:
 - a) Petición de desarme e medidas para fomentar a transparencia diplomática e as relacións económicas libres entre Estados (diplomacia pública, liberdade de navegación nos mares, supresión de barreiras económicas e condicións económicas iguais para todas as nacións.
 - b) Principio das nacionalidades → Mantemento da integridade territorial e a independencia política dos Estados, coa posible creación de novas unidades políticas.
 - c) Formación da Sociedade de Nacións, organismo que regularía as relacións entre os Estados desde o dereito internacional.

5.1. OS TRATADOS DE PAZ

5.1.1. Organización e puntos de partida

- 1919: CONFERENCIA DE PARÍS ⇒ Tratados: Versalles (Alemaña), St.Germain (Austria), Neuilly (Bulgaria), Trianon (Hungría), Sèvres (Turquía).
- Consello dos Dez → Xefes de goberno e ministros de AAEE de EE.UU., Gr.Br., Fr., It. e Xapón ⇒ Proceso lento
- Consello dos Catro (xefes de goberno): Clemenceau (Fr.), Lloyd George (Gr.Br.), Wilson (EE.UU.), Orlando (It.).
 - * Wilson → Patrocinador da SDN.
→ Teoría dos territorios nacionais (cada etnia nun solar).
 - * Lloyd George → Partidario de non afundir a Alemaña.
 - * Equipo francés → Trato severo ao vencido (influencia do sufrimento no propio territorio).
→ Fronteiras seguras ao Oeste (con Alemaña).
→ Polonia como Estado tapón forte no L de Alemaña.
- Temas
 - Remodelación do mapa europeo.
 - Debate sobre a responsabilidade.
 - Monto das reparacións.
 - Bases da nova diplomacia internacional.
 - Desmilitarización de países para evitar outra guerra.
- 28-6-1919: Asíñase o **TRATADO DE VERSALLES**.

5.1.2. Un novo mapa europeo

- Desaparición de tres imperios: Ruso, Alemán, Austria-Hungría.
- Nacións novas → Triunfo das antigas minorías nacionais: Polonia, Hungría, Checoslovaquia, Reino dos Serbios, Croatas e Eslovenos, Estados Bálticos.
 - ↳ Criterios de delimitación de fronteiras:
 - Criterios demográficos.
 - Tradicións históricas.
 - Estimacións económicas.
 - ↳ Problemas:
 - Falta de territorio → Teoría do espazo vital.
 - Étnicos → Desprazamentos de poboación.
- Alemaña → Ocupación da beira esquerda do Rhin (3 zonas).
→ Francia obtén o usufructo por 15 anos do Sarre.
- Austria → Prohibición da unión con Alemaña.
→ Perda de territorios italianos ⇒ perda de saída ao mar.
→ Separación de Hungría ⇒ falta de abastecemento de cereais.
→ Concentración demográfica excesiva.
- Francia → Restitución de Alsacia e Lorena.
- Bélxica → Incorporación dos cantóns de Eupen e Malmedy a costa de Alemaña (Motivos étnicos e económicos).
- Polonia → Alemaña cede Prusia Oriental.
→ Estatuto de cidades libres para Memel e Danzig.
- Italia → Incorpora Trieste, parte de Istria, Dalmacia e o Alto Adige.
→ Reivindicación de Fiume.

5.1.3. Debate sobre a responsabilidade

- Art. 231 → Atribución da responsabilidade do conflito a Alemaña e aos seus aliados.
 - ↳ Base da legalidade das reparacións que Alemaña debe satisfacer.
 - ↳ Protestas da legación xermana.
 - ↳ Tema fundamental da política revanchista nazi.
 - ↳ Debates → Teses alemanas: inocencia total.

→ Historiadores franceses: responsabilidade dos Imperios Centrais con matices.

5.1.4. A cuestión das reparacións

- Art. 232-233 → Alemaña pagará os danos.
- Medidas → Secuestro dos bens privados alemáns no estranxeiro.
 - Libre navegación pola Canle de Kiel en tempos de paz e internacionalización das vías fluviais alemáns.
 - Cesión dos barcos mercantes superiores a 1600 Tm.
 - Obriga para Alemaña de aplicar ás potencias aliadas o estatuto comercial de nación máis favorecida.
 - Renuncia de Alemaña á reparación dos seus danos en bens públicos ou privados.
- Bens a indemnizar: destrucións materiais, pensións ás vítimas.
- Sobrepassar a capacidade de pago de Alemaña fixo irreal calquera decisión ⇒ Non se tivo en conta a diminución das posibilidades alemáns ao ocupar as súas zonas industriais, minas e gran parte da flota.
- Cláusulas penais → “Crimes de guerra” (1ª aparición no Dereito Internacional da noción: crime contra a humanidade).
- Cláusulas militares para Alemaña → Redución do exército a 100.000 soldados.
 - Abolición do servizo militar obrigatorio.
 - Desarme das seccións de artillería.
 - 100.000 fusís (1 por soldado).
 - Prohíbese a artillería pesada, aviación e carros de asalto.
 - Redución da flota a 36 navíos.
 - Os asteleiros só poderán construír para reemprazar unha unidade despezada.
- Consideración de inxustiza polo pobo alemán.
- Os políticos aliados víronse condicionados pola atmosfera de odio acumulada en Europa.

5.1.5. Consecuencias dos Tratados de paz

- ⊕ Consecuencias negativas para a economía europea pola situación en que se deixou a Alemaña (Keynes).
 - Papel fundamental de Alemaña → Cliente e proveedor doutros países.
 - Perda de territorios, recursos, flota ⇒ Debilidade económica ⇒ Incapacidade para pagar.
 - Necesidade de poñer a Alemaña en condicións para a recuperación económica.
 - Novas fronteiras → Pouco sentido económico que obstaculizou a recuperación.
 - Rutura de antigas liñas de comunicación.
 - Separación de sectores industriais mutuamente dependentes.
- ⊕ Balcanización → Aparición de Estados débiles con graves tensións sociais e políticas internas.
- ⊕ Novos focos de tensión → Disconformidade cos acordos (Alemaña, Italia, Hungría).
 - Problemas das minorías nacionais nos novos Estados.
 - ↳ Mistura de grupos étnicos e lingüísticos diferentes en Europa central e oriental.
 - ↳ Intransixencia dos novos Estados fronte ás minorías nacionais residentes.

5.2. A SOCIEDADE DE NACIONS

- WILSON: Necesidade dunha organización internacional con participación de todas as nacións, que garantise a paz no mundo (Relacións baseadas no Dereito Internacional).
 - 1918: Nos 14 Puntos propón a formación dunha “asociación xeral de nacións”.
 - O Tratado de Versalles inclúe o Pacto da SDN.
- **Estrutura** da SDN:
 - Asemblea → Máximo 3 representantes por Estado e un único voto.
 - Consello → Representantes das grandes potencias (5 permanentes: Gran Bretaña, Francia, Italia, Xapón, China) + representantes de 4 países designados pola Asemblea (Concesión aos pequenos Estados).
 - Decisións por unanimidade, medida que paralizou decisións.
 - Secretaría Xeral → Secretario Xeral e persoal necesario (Xenebra).
 - Tribunal Internacional de Xustiza (1922) na Haia.
 - Oficina Internacional do Traballo (OIT).
- Ámbitos de actuación:
 - desarme.
 - garantías de seguridade colectiva.
 - sistema de *mandatos*.
 - cooperación internacional nos problemas xerais.
- Falta de universalidade → Ausencia de EE.UU.
 - Oposición ao ingreso de Alemaña ata 1926.
 - Admisión da URSS en 1934.
- Retiradas: Alemaña e Xapón (1933), Italia (1937).
- Expulsión da URSS en 1939 polo seu ataque a Finlandia.
- Balance → Solución dalgúns problemas aplicando mecanismos arbitrais.
 - Experiencia na búsqueda dunha nova orde mundial.

6. CONSECUENCIAS DA GUERRA

6.1. CONSECUENCIAS DEMOGRÁFICAS

- Novos medios de destrución masiva $\Rightarrow$ Número de mortos e inválidos nunca acadados.
- Poboación civil sometida a privacións: racionamento dos alimentos, fame, traballos forzados, enfermidades, odios nacionalistas, exterminio de minorías étnicas.
- Ás mortes engádese o déficit de nacementos pola guerra.
- Maiores perdas demográficas: Austria-Hungría, Alemaña e Italia.

6.2. CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

- a) Destrución de bens materiais: cidades arrasadas, vivendas destruídas, industrias e comunicacións desmanteladas, campos de cultivo inutilizados.
 - $\hookrightarrow$ Francia, Bélxica, Serbia, Europa Oriental.
 - $\hookrightarrow$ Os que máis sufriron foron os territorios ocupados.
- b) Desartellamento da estrutura produtiva.
 - Transformación de industrias de bens de consumo ao servizo da produción bélica.
 - Diminúe a capacidade produtiva do sector agrario pola falta de brazos debido ás mobilizacións masivas.
 - Redución dos intercambios comerciais.
 - Control da economía polos Estados $\Rightarrow$ Planificación económica alterando as leis do mercado.
- c) Enbedamento para facer fronte ao incremento dos gastos militares.
 - Rusia $\rightarrow$ O goberno bolchevique non reconece préstamos solicitados polos tsares $\Rightarrow$ Perdas dos prestamistas.
 - Gran Bretaña e Francia $\rightarrow$ Enbedados con EE.UU., esperan as indemnizacións de Alemaña.
- d) Remodelación do esquema centro/periferia conformado no S.XIX.
 - Aparición dun novo sistema económico, o socialismo, alternativo á economía de libre mercado.
 - Perda de importancia de Europa fronte a EE.UU. (centro financeiro e económico do capitalismo mundial) e a Xapón (líder de Asia).
 - Corte da expansión económica dalgúns países da periferia que produciran para a Europa en guerra.
- e) Desartellamento dos sistemas monetarios $\rightarrow$ Abandono do patrón ouro.
 - $\rightarrow$ Perda de valor e inestabilidade das moedas.
- f) Cambios nas relacións comerciais internacionais $\rightarrow$ Corte Europa Occidental/Rusia.
- g) Exceso de capacidade produtiva nalgúns sectores: secundario, minería, construción naval, siderurxia, produción de carbón, produción agraria (trigo, azucre, materias primas).

6.3. CONSECUENCIAS SOCIAIS

- Enriquecemento de fabricantes industriais e especuladores por negocios relacionados coa guerra.
- Empeoramento do nivel de vida das clases medias e baixas $\Rightarrow$ $\uparrow$ prezos / $\downarrow$ poder adquisitivo dos salarios.
 - $\hookrightarrow$ Acentuación das diferenzas sociais $\Rightarrow$ Conflitividade: folgas e movementos revolucionarios.
- Papel máis activo da muller $\rightarrow$ Substitución da man de obra masculina na industria.
 - $\rightarrow$ Extensión do voto feminino.
- Aparición de grupos de excombatentes
 - $\rightarrow$ Inadaptados ás condicións de paz.
 - $\rightarrow$ Favorecen a propagación do autoritarismo.
 - $\rightarrow$ Considéranse a salvagarda da orde.

6.4. CONSECUENCIAS POLÍTICAS

- Fragmentación dos vellos Imperios $\Rightarrow$ Balcanización da Europa Central.
- Vencedores $\Rightarrow$ Sistemas representativos.
- Substitución dos antigos Imperios cara a fórmulas democráticas $\Rightarrow$ Repúblicas.
 - $\hookrightarrow$ Inestabilidade das novas democracias parlamentarias.
 - $\hookrightarrow$ Acceso de "homes fortes" ao goberno (militares que adoptan formas ditatoriais).
- Revolución Bolchevique $\rightarrow$ Aparición dos PC integrados na III Internacional.
 - $\hookrightarrow$ Temor de Europa e EE.UU. ao "perigo vermello" e ao contaxio revolucionario.
 - $\hookrightarrow$ Estímulo para organizacións obreiras que ven posibles os cambios.
- Aparición de movementos autoritarios e antidemocráticos como reacción ao ascenso do socialismo e dos sindicatos.
 - $\hookrightarrow$ Importante participación das "ligas" de excombatentes.